

## SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

### PARTE I

#### **PROBA DE HARPA**

Na proba de acceso ao grao profesional o alumno presentará un total de tres obras e unha de elas interpretárase de memoria.

#### **Obras orientativas**

- "25 exercicios estudos" de Bochsa
- "Os clásicos da arpa" de H.Renié.
- "Sete sonatinas progresivas" de F.J. Naderman.
- "Seis sonatinas para arpa" de J.L.Dusseck.

(\*) Interpretárase de memoria unha das obras a presentar ao examen

### PARTE II

#### **1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

## **2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA**

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Según o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

### ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

#### **BANDA (XUVENIL)**

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Pérez Seara	Banda galega
A. Waignein	Festival suite
J. Ninjs	Concerto dinamico

J. V. Pérez Planells  
J. Horner

Fina Planells  
The mask of zorro

### ORQUESTRA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Schubert	Marcha militar
J. Strauss Sullivan	Pizzicato polka The pirates of penzance
R. Schumann	Celebre reverie
E. Elgar	Chanson de nuit
Gluck	Suite-ballet (óperas) 12-Gavotte
Telemann	Musique de table
C. Brown	Rustic dances, nº 1 "Country dance"; Nº 4 "Gypsy dance"
P. I. Tchaikowsky	The nutcracker
F. Delius	Two aquareles

### 3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE HARPA consistirán en:

1.- Interpretar dúas obras do listado a solo, sen achegar compoñentes.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

- Bernard Andres: Dyades, duos para arpa
- Henriette Renie: Les pines de Chalenne
- Marcel Tournier: Catro preludios para arpa

